



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión celebrada o 14.11.2022 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente aos meses de abril, maio e xuño de 2022, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 15 de novembro de 2022.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3341

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 1674/2022 E 1675/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. SETEMBRO 2022.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2022 a

través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 8.913,72 €, correspondendo 1.138,80 € a libre concorrència e 7.774,92 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 14 de novembro de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3342

Anuncio

EXPEDIENTE 1754/2022. ANUNCIO DE COBRANZA E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2022, prestouse aprobación inicial o PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLA TAXA DE MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA 2022-2023 segundo o disposto na Ordenanza Fiscal n.º 5 Taxa por ensinanza especiais en establecementos docentes das entidades locais. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, así como nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/05 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento dos interesados que nas Oficinas Municipais deste Concello, e durante o período dun mes a contar a partir do seguinte día hábil ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, estará exposto ao público o padrón completo da taxa, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Contra a aprobación das liquidacións que nel se inclúen, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

1. Conforme ao disposto no artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados só poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

2. Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Igualmente advírtese que tamén poderán utilizar calquera outro recurso que estimen pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

O período voluntario de cobramento de cada unha das cotas segundo a modalidade escollida na propia matrícula é o seguinte:

1º Plazo: dende o día 28 de novembro de 2022 ata o día 27 de decembro de 2022, ambos os dous inclusive.

2º Plazo: dende o día 13 de marzo de 2023 ata o día 12 de abril de 2023, ambos os dous inclusive.

3º Plazo: dende o día 15 de maio de 2023 ata o día 14 de xuño de 2023, ambos os dous inclusive.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeran as cotas, iniciárase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Burela, 14 de novembro de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3343

O CORGO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

O Sr. Alcalde, por Decreto de 28 de outubro deste ano, aprobou o Padrón provisional comprensivo dos suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de **taxa de recollida de lixo e TAXA POLO SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) para o PRIMEIRO semestre de 2022**.

Por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago da taxa e canon indicados, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación deste edicto no BOP de Lugo, ó obxecto de que o Padrón poida ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o citado acordo polo que se inclúen os contribuíntes no Padrón así como contra a liquidación e efectividade da taxa de recollida de lixo, interporase, ante a Alcaldía, recurso de reposición no prazo dun mes a contar desde a notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación. No caso de resolución presunta o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

ANUNCIO DE COBRANZA

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 28 de outubro e o 28 de decembro de 2022, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase na conta restrinxida número **ES10 2080 0156 4031 1000 0057**, ó nome deste Concello na oficina do Corgo de Abanca.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados ós seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta indicada. As persoas que teñan domiciliado o pago non terán que preocuparse, xa que o Concello remitirá á Caixa a relación de recibos para que se ingrese o seu importe na conta municipal citada.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 da citada Lei, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargos do período executivo serán os previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Corgo, 14 de novembro de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3344

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, anuncio:

Que na sesión plenaria celebrada o día 16 de setembro de 2022, aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal do concello de Outeiro de Rei

Poderá accederse ao texto completo das ordenanzas a través da sede electrónica municipal (<https://outeiroderei.sedelectronica.gal/>), ben no taboleiro de anuncios, ben no portal de transparencia, no apartado “*normativa*”, subapartado “*proxectos en tramitación*”.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, durante treinta días os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Unha vez transcurrido o dito prazo, si non se presentou alegación ou suxerencia algunha, entenderase elevado a definitivo o acordo inicial.

Outeiro de Rei, 15 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3345

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA EN EL BOP

En cumplimiento del artículo 169.1, por remisión del 177.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, al no haberse presentado alegaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el Acuerdo plenario de fecha 28 de setembro de 2022, sobre el expediente de modificación de créditos del Presupuesto en vigor, en la modalidad de transferencia de crédito entre aplicaciones presupuestarias de distinta área de gasto que no afectan a altas y bajas de créditos de personal, que se hace público con el siguiente contenido:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	AUMENTO	DISMINUCIÓN
1531.61900	Outras inversións de reposición em Acceso aos núcleos de poboación		-12.064,70
920.12001	Soldos e salarios en Administración xeral		-10.000,00
920.12006	Trienios en Administración xeral		-8.000,00
920.12100	Complemento de destino en Administración xeral		-6.000,00
920.12101	Complemento específico en Administración xeral		-8.000,00
920.16000	Seguridade social en Administración xeral		-7.000,00
454.61901	Outras inversións de reposición en infraestruturas en Camiños veciñais	17.478,96	
920.22799	Outros traballos realizados por empresas e outros profesionais en Administración xeral	11.000,00	
454.2100	Mantemento infraestruturas e bens naturais en Camiños veciñais	11.000,00	
323.22799	Outros traballos realizados por empresas e outros profesionais en Equipamentos culturais museos	11.585,74	
	TOTALES	+51.064,70€	-51.064,70 €

Contra el presente Acuerdo, en virtud de lo dispuesto en el art 171 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, los interesados podrán interponer directamente recurso contencioso-administrativo en la forma y plazos establecidos en los artículos 25 a 42 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de dicha Jurisdicción.

Sin perjuicio de ello, a tenor de lo establecido en el artículo 171.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, la interposición de dicho recurso no suspenderá por sí sola la efectividad del acto o Acuerdo impugnado.

Trabada, 16 de novembro de 2022.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 3346

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2022-1077 DO 16 DE NOVEMBRO DE 2022 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2023

Texto: BDNS (Identif.): 659302

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/659302>)

Primeiro. Beneficiarios. Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para sí ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses ao feito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o período mínimo de empadramento establecido.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.

A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais vivan independentes destes, e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ao 33% e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

1.- Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social.

2.- Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo en todo caso, un apoio á intervención social que se xestione para a integración das persoas ou unidades afectadas.

3.- As axudas de emerxencia social terán en todo caso natureza finalista, debendo destinarse únicamente ao obxecto para o que foron concedidas.

4.- Terán carácter intransferible e polo tanto non poderán:

- a) Ofrecerse en garantía de obrigas
- b) Ser obxecto de cesión total ou parcial
- c) Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Tipos de axuda e contía

5.1.- Tipos de axudas

1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

a) Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.

b) Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplen nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.

2.- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:

a) Desafiuzamentos

b) Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda

c) Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urxente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas na súa totalidade polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadicción, alcoholismo, persoas sen teito...)

5.- En ningún caso se concederá unha axuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas ou taxas municipais así como gastos derivados de unha sentenza xudicial.

6.- Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.

Igualmente, para o caso particular de persoas drogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado á Unidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.

5.2.- Contías

En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudas virá dada polas disponibilidades presupostarias existentes.

As contías a conceder non superarán o orzamento de gastos presentado polo solicitante de acordo coa Base Sétima. Non obstante, terán os límites anuais que se especifican a continuación:

Alimentación, vestido e/ou enxoval doméstico: Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano.

Para as axudas de alimentación, según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 600 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 650 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 700 euros anuais.

U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 800 euros anuais.

Para as axudas de roupa, calzado e/ou menaxe doméstico, según os membros da unidade económica de convivencia, o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 o 2 membros: Ata un tope máximo de 100 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 150 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 200 euros anuais.

U.E.C. de 5 o mais membros: Ata un tope máximo de 300 euros anuais.

Leite maternizada e/ou pañais: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 400 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.

Atención sanitaria: 3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 600 euros e con informe médico xustificativo de que o medicamento/tratamento, elemento protésico e/ou axudas técnicas non se poida adquirir polo Sergas. No caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá ata un máximo do 50% do custo.

Gastos de vivenda:

Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.

Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.

Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.

Actividades extraescolares:

Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar. Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe da traballadora social poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de ambos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.

A contía máxima destinada ás presentes subvencións é de 5.000,00 € (partida 231.480 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal)

Quinto. Requisitos dos solicitantes

1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude no modelo establecido ao efecto, acompañando a seguinte documentación:

-D.N.I. do solicitante

-Libro de Familia, senteza de separación ou divorcio ou no seu caso, certificado de rexistro de parellas de feito expedido pola Comunidade Autónoma.

-Certificado de Empadramento

-Orzamento de Gastos para os que solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible)

-Certificación da conta bancaria á que se pode transferir, no seu caso, o importe da axuda

-Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia que serán os seguintes:

a)Declaración da renda correspondente ao último ano ou certificado de rendas expedido pola Delegación da Axencia Tributaria.

b)Nóminas actualizadas de todos membros da unidade económica de convivencia.

c)No caso de percibir una pensión de xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberá presentarse xustificantes do Organismo correspondente.

d)No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, certificado ou xustificante ao respecto do organismo dende onde se conceda, no seu defecto achegar certificación negativa.

e) Calquera outro documento que acredite a carencia ou o nivel de ingresos da persoa ou da unidade familiar.

En caso de insuficiente xustificación documental da situación económica por resultar imposible dispor dela, requirirase ao solicitante que aporte unha declaración responsable na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rentas familiares.

-Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto (artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

-Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade ou que teñan o carácter de axuda de emerxencia social.

-Para o caso particular e excepcional dos transeúntes a única documentación que deberán aportar será una fotocopia do N.I.F ou calquera outra documentación que acredite a súa identidade.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2023.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es, ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 16 de novembro de 2022.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3347

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2022-1070 DO 15 DE NOVEMBRO DE 2022 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE KARAOKE DE NADAL 2022

BDNS (Identif.): 659399

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/659399>)

Primeiro. Requisitos dos participantes.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de karaoke de Nadal organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.

A ficha de inscrición deberá presentarse persoándose nas dependencias do Concello, no despacho do Técnico de Cultura. O prazo normal para inscribirse no Concurso remata o venres 29 de decembro de 2022 ás 15:00 horas. Tamén poderá realizarse a inscrición o mesmo día do concurso, o 30 de decembro de 2022, de 17:00 a 19:00 horas no Pavillón Municipal de Xove. Non obstante, para os ensaios previos ao concurso terán preferencia os inscritos antes nas dependencias do Concello e tomarase en todo caso en consideración a súa orde de inscrición.

A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

Quinto.- Contía dos premios.

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 900 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Haberá tres categorías: Peques, iunior e veteranos. En cada unha destas categorías premiarase a “Mellor voz” (2 premios) e “Mellor caracterización”. No primeiro caso, para a concesión do premio, o xurado atenderá á calidade da voz, modulación ou entonación. No segundo caso valorarase o vestiario, maquillaxe e aspectos similares.

Peques.

Poderán participar nesta categoría os menores de 12 anos

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 60 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 60 euros

Iunior

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 12 anos ou máis e que non cumpriran os 18 anos.

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 90 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 90 euros

Veteranos

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou máis.

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 150 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 150 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

XOVE, 17 de novembro de 2022.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3348

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

RESOLUCIÓN DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

APROBACIÓN DEFINITIVA DA LIQUIDACIÓN DOS CANONS DE REGULACIÓN E AS TARIFAS DE UTILIZACIÓN DA AUGA PARA OS USUARIOS DE OBRAS HIDRÁULICAS NO ÁMBITO DA BACIA DO MIÑO-SIL, CORRESPONDENTES O EXERCICIO 2023.

Sometidos a información pública os valores dos Canons de regulación e as Tarifas de utilización da auga para os usuarios das obras hidráulicas resultantes dos Estudos Económicos efectuados pola Área de Explotación, coa participación dos órganos representativos dos usuarios e beneficiarios, e cumprido o prazo concedido sen que se formularan reclamacións contra os valores, esta Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 309 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, acordou aprobar os Canons de Regulación e as Tarifas de Utilización da Auga correspondentes ao exercicio económico do ano 2023 polos valores que a continuación se indican:

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA PRESA DE FUENTE DEL AZUFRE PARA USUARIOS HIDROELÉCTRICOS (LEÓN, LUGO, OURENSE). ANO 2023

1.- Aproveitamento a pé de presa de Bárcena.

Canon: 0,00426584764 €/Kwh

2.- Aproveitamentos de augas abaixo da presa de Bárcena que non derivan da presa de Fuente del Azufre.

Canon: 0,00113166081 €/Kwh

3.- Aproveitamentos de augas abaixo da presa de Bárcena que derivan da presa de Fuente del Azufre.

Canon: 0,00113166081 €/Kwh

Tarifa: 0,00191165386 €/Kwh

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E TARIFA DE UTILIZACIÓN DO POZO DE TOMA PARA USOS DE ABASTECIMENTOS DE AUGA A POBOACIÓNS (LEON). ANO 2023

Canon: 0,00314053102 €/m3

Tarifa: 0,00097377143 €/m3

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E TARIFA DE UTILIZACIÓN DO POZO DE TOMA PARA USOS INDUSTRIAIS (LEON). ANO 2023

Valores do canon de regulación do encoro de Bárcena

Usuarios industriais con consumo: 0,00314429566 €/m3

Usuarios industriais sin consumo: 0,00031441743 €/ m3

Valor unitario da tarifa de utilización do pozo de toma

Usuarios industriais con consumo: 0,00097136363 €/m3

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA AUGA PARA O REGADÍO DA SUBZONA BAIXA DO BIERZO (LEON). ANO 2023

1. Parcelas susceptibles de rega non regadas:

Canon: 5,832805 €/Ha.

Tarifa: 7,025546 €/Ha

2. Parcelas susceptibles de rega, entre o 1º e o 5º ano de rega:

Canon: 5,270345 + 0,352935 x n €/Ha.

Tarifa: 11,089146 + 0,352515 x n €/Ha.

3. Parcelas susceptibles de rega, entre o 6º e o 25º ano de rega:

Canon: $6,593852 + 0,088234 \times n$ €/Ha.

Tarifa: $12,411077 + 0,088129 \times n$ €/Ha.

4. Parcelas susceptibles de rega, a partir do 26º ano de rega:

Canon: 8,799697 €/Ha.

Tarifa: 14,614294 €/Ha.

* Sendo *n* o número de anos de rega da parcela

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE BÁRCENA E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA AUGA PARA O REGADÍO DA SUBZONA ALTA DO BIERZO (LEON). AÑO 2023

1. Parcelas susceptibles de rega non regadas:

Canon: 8,332910 €/Ha.

Tarifa: 23,551302 €/Ha.

2. Parcelas susceptibles de rega, entre o 1º e o 5º ano de rega:

Canon: $12,279976 + 0,313964 \times n$ €/Ha.

Tarifa: $34,420705 + 0,383436 \times n$ €/Ha.

3. Parcelas susceptibles de rega, entre o 6º e o 25º ano de rega:

Canon: $13,457343 + 0,078491 \times n$ €/Ha.

Tarifa: $35,858588 + 0,095859 \times n$ €/Ha.

4. Parcelas susceptibles de rega, a partir do 26º ano de rega:

Canon: 15,419620 €/Ha.

Tarifa: 38,255060 €/Ha.

* Sendo *n* o número de anos de rega da parcela

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE VILASOUTO PARA ABASTECIMENTO DE AUGA A POBOACIÓNS (LUGO). AÑO 2023

Canon: 0,07671848393 €/m³

CANON DE REGULACIÓN DO ENCORO DE VILASOUTO E DA TARIFA DE UTILIZACIÓN DA AUGA PARA O REGADÍO DO VAL DE LEMOS (LUGO). AÑO 2023

Canon de aplicación:

Parcelas susceptibles de rega sen uso: 51,849803 €/Ha.

Parcelas susceptibles de rega con uso: 112,837443 €/Ha.

Tarifa de aplicación:

Parcelas susceptibles de rega sen uso: 82,985063 €/Ha.

Parcelas susceptibles de rega con uso: 122,918187 €/Ha.

A Secretaría Xeral procederá á emisión das correspondentes liquidacións, que se notificarán a cada un dos afectados, sen prexuízo de publicar esta resolución nos mesmos Boletíns Oficiais nos que se publicou o estudo económico.

O importe resultante de tódalas liquidacións incrementarase nun 4% en concepto de taxa por explotación de obras e servizos, validada polo Decreto 138/1960, do 4 de febreiro (BOE do 5 de febreiro de 1960).

Ourense, 10 de novembro de 2022.- O PRESIDENTE, José Antonio Quiroga Díaz.

R. 3284

FUNDACIÓN MARTÍNEZ OTERO

Anuncio

ANUNCIO PARA LA SUBASTA DE 5 PROPIEDADES DE LA FUNDACIÓN MARTÍNEZ OTERO

De conformidad con el acuerdo adoptado por la Junta de Patronato de la Fundación Martínez Otero, de fecha 03 de junio de 2022, por medio del presente anuncio se efectúa convocatoria de la subasta para la enajenación de 4 inmuebles en el término municipal de Foz y 1 en el término municipal de Lourenzá.

1. Entidad adjudicadora:

- a) Organismo: Fundación Martínez Otero
- b) Dependencia que tramita el expediente: Junta de Patronato.
- c) Obtención de documentación e información:
 - Dependencia: Administración.
 - Domicilio: C/ Paco Maañón nº 12
 - Localidad y Código Postal: Foz. 27780
 - Teléfono: 982140028 – 669516370
 - Correo electrónico: administración@martinezotero.es

2. Objeto.

- a) Venta mediante subasta al alza de 3 parcelas urbanas sin edificar y 2 inmuebles urbanos patrimonio de la Fundación Martínez Otero.
- b) División de lotes:

Lote nº 1. “Rúa dos Limoeiros” Suelo

27780 FOZ (Lugo)

Clase: URBANO

Referencia Catastral: 0956018PJ4205N0001HB

Superficie gráfica: 1091 m²

Lote nº 2. “Avenida Valle Inclán” 17 Suelo

27780 FOZ (Lugo)

Clase: URBANO

Referencia Catastral: 0954612PJ4205S0001XT

Superficie gráfica: 286 m²

Lote nº 3. “CM Atalaia” 10 Suelo

27780 FOZ (Lugo)

Clase: URBANO

Referencia Catastral: 1260023PJ4216S0001HE

Superficie Gráfica: 673 m²

Lote nº 4. “CL Concello de Ribadeo” 21

27780 FOZ (Lugo)

Clase: URBANO

Uso principal: Residencial

Superficie construída: 269 m²

Año construcción: 1940

Referencia Catastral: 045201PJ4205S0001TT

Superficie gráfica: 354 m²

Tipo: Parcela construída sin división horizontal

Lote nº 5. “PZ Linares Rivas” 8

27760 LOURENZÁ (Lugo)

Clase: URBANO

Uso principal: Residencial

Superficie Construída: 208 m2

Año Construcción: 1837

Referencia Catastral: 7748021PJ3174N0001YF

Superficie gráfica: 104 m2

Tipo: Parcela construída sin división horizontal

3. Tramitación y Procedimiento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: abierto.

c) Forma: Subasta al alza.

4. Precio de licitación al alza.

Lote nº 1: 22.000 €

Lote nº 2: 35.000 €

Lote nº 3: 45.000 €

Lote nº 4: 100.000 €

Lote nº 5: 35.000 €

5. Garantías:

Los interesados en acceder a la subasta deberán depositar en el momento de la entrega de su oferta 300 € como tasa de participación. En el caso de ser aceptada su oferta por alguno de los lotes le será descontada dicha cantidad.

6. Presentación de ofertas:

a) Plazo: Del 23 al 30 de noviembre de 2022.

b) Modalidad de presentación: Las ofertas se presentarán por escrito en sobre cerrado

c) Lugar de presentación: Administración Fundación Martínez Otero.

7. Mesa Adjudicadora de la Subasta:

Apertura de ofertas: Primeramente en sesión no pública se celebrará Mesa de Adjudicación para la apertura de los sobres con las ofertas económicas. Posteriormente la Mesa procederá a la adjudicación de las propiedades a la oferta más alta entregada sobre el precio mínimo concertado. En el caso de que ninguna oferta llegue a las cantidades mínimas establecidas o no se presenten ofertas por alguno o todos los inmuebles, la subasta se declarará “desierta” para esa inmueble en cuestión o la totalidad.

Mesa Adjudicadora:

Presidente: D. Antonio José Valín Valdés (Presidente Fundación Martínez Otero)

Secretario: D. Marcos Fernández García (Secretario Fundación Martínez Otero)

Vocal 1: Dña. Beatriz Fernández Uría (Vocal Fundación Martínez Otero)

Vocal 2: D. Manuel Benito González Alonso. (Administrador Fundación M. O.)

Vocal 3: D. José Ramón García Yáñez. (Vocal Fundación Martínez Otero)

Fecha y lugar de la Subasta:

El 02 de diciembre de 2022, a las 16:30 horas, en la sala de reuniones de la Fundación Martínez Otero.

El resultado de la subasta se hará público a partir del 12 de diciembre de 2022.

(tablón de anuncios del CPR Martínez Otero y página web “www.martinezotero.es”)

Previamente será comunicado a aquellos que presentasen ofertas, de manera individual por el secretario de la Mesa Adjudicadora, y con la entrega de copia del acta de la subasta celebrada.

8. Acceso a la información:

Los interesados en participar en la subasta podrán obtener información en la administración de la Fundación Martínez Otero y en la dirección de correo electrónico administración@martinezotero.es hasta el día que finaliza el plazo de presentación de ofertas.

Foz, 14 de novembro de 2022.- El Presidente del Patronato de la Fundación Martínez Otero, Antonio José Valín valdés.

R. 3349
